

Unha experiencia pedagógica o Ensino Medio

Xosé Calviño

A necesidade dun cambio. Alá polo curso 1985-86, xa un grupo bastante numeroso de profesores do Instituto «Arcebispo Xelmírez», de Santiago de Compostela, levábamos uns oito anos de traballo neste centro cuestionando os métodos usais no ensino e tratando de facer algo que permitise disminuir os defectos que considerabamos máis graves do sistema educativo no que nos viamos inmersos: a pasividade dos alumnos, o ensino para a sumisión, a transmisións de rols o valores sociais discriminatorios, o fracaso escolar e a marxinação, o academicismo e formalismo de todo o sistema.... E foi precisamente nese curso de 1985-86 cando, convencidos de os nosos intentos individuais (que nalguns casos xa proviñan do nosa labor educativa a motros centros) non producían os froitos desexados, decidimos constituir o «Colectivo Xelmírez», que tivo como principal misión, precisamente durante ese curso, o deseñar unha proposta de acción educativa, sobre todo desde a perspectiva metodolóxica, para iniciar, a partir do curso seguinte, o que sería a Experiencia Pedagóxica que agora está en pleno funcionamento no noso instituto.

O punto de partida era, pois, que todos os profesores dos grupos nos que se realizase a Experiencia aceptásemos dunha maneira explícita os principios ou presupostos básicos da mesma a fin de poder realizar unha tarefa coherente e organizada. Estes principios, se ben se foron perfilando no transcurso da propia experiencia, xa desde o principio constituiron, a pesar da súa enorme simplicidade e obviedade, os pilares dunha acción educativa que non, por sinxela, deixou de significar un cambio real e importante respecto de que poderíamos chamar método tradicional. Recoñecendo, por tanto, a sinxeleza destes presupostos, pero tamén a súa frecuente ausencia dos centros educativos, pasaremos a exponer, moi por riba, estes principios que fundamentaron a nosa experiencia ata hoxe.

1. Motivación e reforzo positivo

De acordo coa psicoloxía actual, que insiste en que non hai aprendizaxe se non existe necesidade de aprender, e aceptando tamén coa pedagogía de hoxe, que a aprendizaxe significativa só se produce se hai interese por aprender, consideramos que a presentación das tarefas escolares como algo interesante e atraínte para os alumnos era algo que había que intentar. E tamén nesta liña, acordamos que, aparte outros aspectos que poden influir en que un alumno se encontre motivado e reforzado no seu traballo escolar, o ámbito indispensable para unha acción educativa positiva para o establecemento dunhas verdadeiras relacións personais entre todos os componentes do grupo educativo.

2. Obxectivos experienciais abertos

Sempre tivemos claro que máis alá da aprendizaxe de contidos (e rexeitando a idea do ensino entendido como aprendizaxe mecánica de contidos), a finalidade principal de nosa

labor tiña que ser a de «formar persoas, cunha actitude crítica e aberta, que se convirían en axentes dinamizadores e transformadores da sociedade».

Este obxectivo, que por ser moi xeral, pode parecer carente de contido, tivo a súa concreción desde os seguintes presupostos:

1. Recoñecendo con Piaget que os alumnos de BUP (14-17 anos) están aínda nun momento de desenvolvemento mental (operacións formais) e ante a evidencia, tematizada por Coleman e outros, de que estes adolescentes están nun período de desvinculación paterna e de inseguridade, que se complementa cunha necesidade de inserción consciente na sociedade, parece claro que a nosa labor educativa ten que atender, non só ao enriquecemento conceptual-cognitivo, sino tamén ao desenvolvemento das actitudes e fomento de capacidades, e ao fomento de actitudes e valores positivos. Centrar a educación na aprendizaxe de contidos académicos sería empobrecer notablemente a acción educativa, que, por outra parte, deixaría de selo se a aprendizaxe fose simplemente mecánica e orientada a superar uns exames.

2. Na liña de Eisner, e fronte ao sistema de obxectivos operativos concretos, que encorsetan excesivamente a tarefa educativa, polo optamos polos chamados obxectivo obxectivo experiencial aberto, que practicamente se identifican coas propias actividades ou experiencias educativas que, con carácter aberto a múltiples posibilidades, se lle ofertan aos alumnos.

Obxectivos da experiencia pedagóxica

1. Coñecemento e vivencia da realidade, con especial referencia ás características socio-lingüísticas de Galicia, en cuanto medio no que se desenvolve a vida dos alumnos.

2. Mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita, así como a educación corporal como medio de autoconhecimento e de comunicación.

3. Potenciar as capacidades artístico-creativas.

4. Mellorar a capacidade de análise e o espírito crítico.

5. Fomentar actitudes de autoaceptación e de convivencia.

3. Ensino activo e participativo

Na liña do modelo constructivista, consideramos que é o alumno quen ten que construír significativamente, a través da súa actividade (sobre todo mental), as estruturas mentais e as categorías cognoscitivas, e desenvolver as súas capacidades e actitudes, en contexto (encuentro experiencial) cos coñecementos, métodos, valores, etc., que se propoñen, ou van implícitos, nas experiencias e actividades deseñadas.

O sistema activo que defendemos esixe que o proceso educativo non quede reducido ás aulas, desmitificando así o puro carácter académico e formalista de saber e da cultura. Neste sentido, potenciaranse no máximo as actividades de campo e as visitas de estudo, con permanencia de máis do un día na zona na que pretendemos que se produza a experiencia educativa, para que, a través do contacto directo coa realidade, se profundice nos obxectivos básicos da experiencia. Como veremos máis adiante, estas actividades se integrarán nunhas unidades didácticas de carácter interdisciplinar e globalizado.

Ademais a experiencia oferta aos alumnos unha serie de talleres -teatro experimental, revista, cine, sala de medio ambiente, expresión corporal, música, cerámica, fotografía-

para que, a través da actividade que realizan neles, poidan seguir mellorando nos obxectivos básicos.

4. Avaliación continua

Consideramos que un dos maiores defectos de sistema tradicional é a tendencia manifesta a identificar e proceso evacuativo coa realización duns exames que rematan por falsearse adulterar todo o proceso educativo en canto que o propio proceso acaba determinado ea función de ditos exames. Resulta penoso que todo o complexo proceso educativo poida verse supeditado e orientado á realización duns exames que, noitas veces, non demostran nada.

Nós partimos dun concepto de avaliación que consista nunha valoración de todo o proceso - obxectivos, presupostos básicos, deseños, actividades e estratexias...-, de maneira que a avaliación nos oriente e nos permita introducir os cambios oportunos alí onde se necesiten. Neste sentido, aparte das frecuentes reunións dos profesores, temos reunións periódicas cos alumnos, e tamén cos pais dos alumnos. Tamén nesta liña, desde o curso pasado a experiencia é obxecto dun seguimento e valoración por parte dun equipo de profesores da Sección do Pedagogía da Facultade de Filosofía e Ciencias da educación da nosa universidade.

Polo que se refire á avaliación máis específica dos alumnos, temos aceptados algúns criterios que guían a nosa valoración:

- Valorar a actitude dos alumnos, baseándonos, sobre todo, na observación.
- Valorar a actividade realizada durante o período de tempo que se avalía. Este seguimento da actividade dos alumnos ten que constituir o núcleo da avaliación nun sistema que pretende dinamizar a actividade o participación dos alumnos. Esta valoración realizarase tendo en conta a libreta de clase, as intervencións dos alumnos, as lecturas realizadas, etcétera.
- Valorar o resultado do traballo realizado e, por tanto, a eficacia do proceso educativo, recurrido a todos aqueles medios que nos permitan precisar, ata onde sexa posible, os progresos nos coñecementos, nas capacidades, e nas actitudes. Estes medios poden ser a observación, os traballos, as recensións, o seguimento da libreta de clase, exercicios, probas...
- Tamén parece importante escotar e ter en conta a opinión autoavalativa dos alumnos, xa sexa individual ou do grupo de traballo.

Este sistema de avaliación aínda reviste unhas características especiais cando se refire as unidades interdisciplinares das que falaremos a continuación.

Unidades interdisciplinares e globalizadas

A propia historia da experiencia, en consonancia con presupostos dos que faría, foi orientándose cara unha actividade cada vez máis interrelacionada e organizada, sobre todo nos dous primeiros cursos de BUP. Así chegamos a elaborar os plans anuais da Experiencia sustentando os programas cara unha confluencia de temas en cada trimestre, de maneira que en onda un destes periodos de tenla) aparezca como central unha Unidade Interdisciplinar, que faga confluír aínda máis as distintas perspectivas das diversas materias cara o estudio coordinado dunha determinada zona, unificando así, aínda máis, os intereses e perspectivas diversas nun estudio confluente. E finalmente, o núcleo de cada unha destas unidades interdisciplinares trimestrais está constituído por unha estancia-

estudio de varios días na zona que exemplifica, o concreta, o estudio que constitue o contido da Unidades.

Características das unidades didácticas

- Interdisciplinariedade e carácter globalizado.
- Que rompan co sistema de clases ailladas e compartimentadas e que ofrezcan aos alumnos espacios abertos de traballo.
- Que fomenten o método activo o participativo, a través do traballo individual, en pequenos grupos e colectivo.
- Que aproximen aos alumnos a o coñecemento da realidade sociolingüística do Galicia.
- Que den seguridade e autonomía aos alumnos.
- Que fomenten a convivencia.
- Que potencien a creatividade e o espírito crítico.
- Que resulten motivantes e interesantes para os alumnos.
- Que inclúan tres momentos:
 - a) Preparación: deseño do proxecto, traballo con información e segundo as información dadas polos profesores, inicio da elaboración do traballo en grupo segundo os distintos aspectos sinalados polos profesores...
 - b) Estancia-estudio da zona sobre a que versa a Unidade. Esta etapa inclúe actividades, clases, traballo individual co libro de campo...
 - c) Etapa de conclusións e avaliación. Nesta etapa os alumnos teñen que rematar e traballo de grupo e o caderno de campo individual. Ademáis nesta etapa poden aparecer outras actividades: exposicións de material, murais, etc. Durante esta última etapa tamén se realiza a valoración da Unidade.

Sistema de avaliación das unidades interdisciplinares

- Avaliación con carácter interdisciplinar e globalizado, de xeito co resultado do traballo no contexto da Unidade que se avalía quede reflexado nunha única calificación. Este sistema de Unidades e Avaliación interdisciplinares e globalizadas pretende desmitificar o senso das «asignaturas» ailladas e compartimentadas.
- Avaliación en función da actividade realizada, tanto individualmente como en grupo, atendendo ós coñecementos demostrados (estudio físico, histórico, sociolingüístico..., dunha zona), ás capacidades desenvoltas (capacidade de análise, ordeación do material, redacción...) e as actitudes (interés, participación, respecto do medio...).
- Que os conceptos ou aspectos que serán obxeto de avaliación sean previamente coñecidos polos alumnos. Neste sentido confeccionamos unhas «fichas de avaliación» que sinalan os aspectos que van ser valorados e que servirán de orientación e motivación para os alumnos e de guía para os profesores.
- Ter en conta a Autoavaliación.
- Que a avaliación incluía o propio proceso educativo.

Conclusions

Todo o anteriormente exposto levanos a entender o ensino, sobre todo, o que corresponde co que na Reforma será Ensino Obligatorio (que no noso caso corresponderíase cos dous primeiros cursos do actual BUP: 14-16 anos), dun xeito mo distinto ó que estamos acostumados a vivir nos nosos centros.

O ensino ten que ser, non só un deber, senon tamén un dereito a participar nun conxunto de actividades e experiencias, orgaizadas polos profesionais do ensino en equipo, de tal xeito que resulten interesantes e educativamente enriquecedoras, abertas a múltiples posibilidades, e a traveso das que os alumnos deben ir avanzando progresivamente sen estancamentos en ningunha etapa ou curso.

Por outra parte, nos profesores da Experiencia Pedagóxica do IB «Arcebispo Xelmírez» foise realizando dun xeito expontanio unha especie de introxección da idea dun ensino, non en función de exámenes e de aprobados e suspensos, senon en función da riqueza e validez dos procesos e experiencias educativas que se ofrecen os alumnos e que deben chegar a todos en cada novo curso. Isto fixo diminuír progresivamente o fracaso escolar no conxunto da Experiencia, coa conseguinte maior dose de integración social e o menor grao de marxinação.